

## BOLETÍN DE INSCRIPCIÓN

Ix Curso de violonchelo Carlos García Amigo

Nome: .....  
Enderezo: .....  
Centro de estudos musicais: ..... Curso: ..... Idade:.....  
Tifno.: ..... e-mail: .....  
Repertorio proposto para traballar no curso:  
.....  
.....

Organizan:

*Aula de Violonchelo*

*Departamento de corda*

*Conservatorio Profesional de Música de  
Santiago de Compostela*

**Curso 2017/2018**

[cmus.santiago@edu.xunta.es](mailto:cmus.santiago@edu.xunta.es)



## IX CURSO DE VIOLONCHELO



***CARLOS GARCIA AMIGO***

*Violonchelista da*

*Real Filharmonía de Galicia*

**17 e 18 de marzo de 2018**

## CARLOS GARCÍA AMIGO

Naceu en A Coruña no 1973 e comezou os seus estudos musicais co seu pai. Aos 11 anos comeza a practicar o violonchelo. Completou os seus estudos no Conservatorio Real da Haia (Holanda) onde se formou no 2000.

Entre os seus profesores, ademais do seu pai tamén destacan Violoncelistas como Lito Iglesias, Dalibor Sebestik, Gregor Hosch, Monique Bartels e Antoine Ladrette (interpretación histórica) e Lien Shan (artes marciais).

Durante os seus anos de formación, foi galardoado coa Fundación Barrié de la Maza, a Deputación de A Coruña e a Fundación Caixa Galicia, e el formaba parte da Xoven Orquestra de Galicia, Orquestra Moza da GSO, Schleswig Holstein Music Akademie Orchester e do Grupo de Cámara in itinere USC.

No 2001, ingresou na Orquestra Real Filharmonía de Galicia realizando concertos e xiras en varias cidades de Galicia e do resto de España, así como xiras en Francia, Portugal, Arxentina, Brasil, Cuba ..

Impulsor no nacemento da Asociación de Violoncelistas de Galicia "Soncello" tamén foi responsable do nacemento do Cuarteto violoncelos de Compostela 'Chelicia' e membro do "Trío Artábria" e do conxunto "Ensemble S21", este último dedicado á música contemporánea.

É un artista activo no campo da interpretación en instrumentos de época, o que o levou a colaborar con diferentes grupos de Galicia, España e Portugal entre eles "Ars Combinatoria", "Alio Modo", "Il Combattimento", "Americantiga"... Nesa área interpretativa é actualmente o director musical do grupo "Herbens Consorte" e membro do "Cuarteto Alicerce".

Colabora habitualmente como profesor coa Federación Galega de Bandas Populares e é invitado a impartir cursos en varios centros educativos de Galicia. Tamén é profesor e colaborador da Orquestra da Universidade de Santiago de Compostela.

Colabora como invitado coa Orquestra Galega de Galicia participando na gravación do seu primeiro CD FAME. Tamén participou como divulgador en varios foros como o programa de Onde hai Música na Asociación Soncello ou TEDxGalicia.

Combina o seu traballo profesional coa práctica de Taichi e a súa outra gran paixón que é a preparación de carreiras de fondo e ultrafondo.

Prioriza a dedicación o seu canle en YouTube, onde carga vídeos periódicamente relacionados principalmente coa práctica do violoncelo e das súas actividades no deporte:

[https:// www.youtube.com/user/carlosgarciaamigo](https://www.youtube.com/user/carlosgarciaamigo)

### **MATRÍCULA**

**Prazo de inscrición:** Ata o día 12 de marzo de 2018

**Forma de inscrición:** *Para realizar a inscrición, deberá entregarse na secretaria do centro o boletín de inscrición xunto co xustificante do ingreso bancario o enviarse por correo electrónico ao enderezo electrónico:*  
[cmus.santiago@edu.xunta.es](mailto:cmus.santiago@edu.xunta.es)

Nº de conta: ABANCA

IBAN ES04 2080 0348 30 3040011278

Facer constar no ingreso: "IX Curso de violonchelo" e nome do/a alumno/a.

## INFORMACIÓN XERAL

**Datas:** Sábado 17 e Domingo 18 de marzo de 2018

**Horario:** De 10:00 a 14:00 e de 16:00 a 19:00.

O palning do curso publicárase una vez rematado o prazo de matrícula.

**Lugar:** Aula de orquestra do Conservatorio Profesional de Música de Santiago de Compostela.

### **Prezos:**

**A) Activos:** Dúas clases individuais de 45 min.

Alumnos do centro: 50 €

Alumnos de outros centros: 70 €

**B) Colectiva Elemental:** Dúas clases colectivas de 45 min.

Alumnos Colectiva: 20€

**C) Oíntes:** 10€

O número de prazas de alumnos/as activos é de 7 e adxudicaranse por rigorosa orde de inscrición.